

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Psicoloxía reivindica axustar as medidas en discapacidade á realidade demográfica galega

- **O Colexio Oficial de Psicoloxía galego interveu esta mañá na Comisión non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade do Parlamento de Galicia.**
- **A desconexión entre as necesidades das persoas e os servizos que ofrece a Administración é unha das maiores eivas á hora de abordar as políticas públicas, con especial incidencia do envellecemento e a dispersión poboacional.**

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2018.- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) reivindica un axuste entre as políticas públicas no eido da discapacidade e a realidade demográfica do país, como trasladou esta mañá nunha comparecencia na Comisión non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade.

"Unha das mellores oportunidades para facer fronte a integración das persoas con discapacidade na nosa comunidade vai pasar por axustar os servizos derivados dos certificados de discapacidade ás necesidades específicas da nosa poboación", explicou José Luis Santos-Ascarza Bacariza, doutor en Psicoloxía e membro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG que acudiu en calidade de representante da institución colexial.

Na actualidade, máis da metade das persoas que teñen recoñecida algunha discapacidade en Galicia superan os 65 anos. É preciso realizar un amplo estudo transversal da discapacidade na nosa Comunidade, prestando especial atención á muller e ao rural, para coñecer cales son as necesidades nesta poboación e poder deseñar e implementar políticas públicas máis axustadas. Unhas políticas que desde esta institución defenden que se encamiñen á prevención e a atención das discapacidades a través de servizos profesionais, e non a través de políticas de carácter asistencialista, un modelo cara ao cal non deberían retroceder os servizos sociais.

Os equipos de valoración e orientación (EVO) foi outro dos asuntos analizados nesta intervención, xa que actualmente en Galicia danse ata dous anos de espera para os recoñecementos da discapacidade debido ao intenso volume de traballo destes equipos, nos que incluso se ven na obriga de valorar a través de informes médicos e sen ver as persoas para acelerar o proceso. Este tipo de medidas van claramente en deterioro da calidade do servizo e esborralla a función de orientación dos equipos, así que é fundamental que se reforcen as dotacións de persoal e as funcións que realizan.

"Os servizos sociais comunitarios sufriron a política de recortes como consecuencia da austeridade orzamentaria que se impuxo nestes anos de crise. Necesitamos uns servizos sociais fortes, como primeiro nivel de atención á poboación, con equipos multidisciplinares estables nos que a psicoloxía é imprescindible", explicou Santos-Ascarza, tanto no ámbito da discapacidade como na prestación de servizos comunitarios. Desde o COPG reclaman que todos os concellos galegos dispoñan de servizos de psicoloxía integrados en equipos multidisciplinares, nos que poidan exercer plenamente as súas funcións, sen estar unicamente limitadas a programas concretos que dependan de subvencións puntuais.

Saúdos,

Se desexas **ampliar a información ou para solicitar entrevistas**, contacta co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal

Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela

www.copgalicia.gal